


BERROBAMBAN PRESENTA

PRESSING CATCH



CHIQUI HUGO
PEREIRA TORRES
PAULA
CARBALLEIRA
ANABELL
GAGO



apóalo

XUNTA DE GALICIA
CONSELERÍA DE CULTURA
E TURISMO

AGADIC

colabora



POSITIVAS



FACTORY

Xornal
Xornal.com

Berrobambán estrea 'Pressing Catch'

A violencia feita espectáculo sobe ás táboas da Nasa: o escenario compostelán converterase nun ring na segunda e terceira semana de marzo para acoller a nova proposta para público adulto de Berrobambán, que enfrenta loitadores e loitadoras da vida cotiá no cuadrilátero: 'Pressing Catch'.

Vivimos na era do medo, da violencia como espectáculo. Berrobambán afonda naquilo que nos impulsa a querer contemplala, dende o circo romano até o formato televisivo do "wrestling". Pero os seus loitadores e loitadoras non son Hulk Hogan: son xente da vida cotiá. "Hoxe tocoulles estar entre o público, pero mañá, calquera de vostedes pode estar no ring".

Esa é a proposta escénica do tándem formado por Paula Carballeira (autora) e Quico Cadaval (director), nun proxecto multidisciplinar que abrangue tamén produción musical, editorial, multimedia e audiovisual. Nela, un DJ introduce personaxes tan próximos coma Lola (Anabell Gago), unha muller de armas tomar que usa a violencia como sistema defensivo; o Hellmaster (Hugo Torres), avogado de éxito, cunha vida familiar que non é quen de xestionar; e A Chorona (a propia Paula Carballeira), que recorre á chantaxe emocional. Todos eles controlados por un Árbitro (Chiqui Pereira) que non quería selo, eterno perdedor nun mundo de gañadores. Pero... alguén ten que pór orde no caos.

O xoves 11 de marzo, ás 21.30, será a estrea. Quen non poida asistir aínda ten o venres 12, sábado 13, xoves 18, venres 19 e sábado 20, ás 21.30, e o domingo 14 ás 20.00.

Moito máis que espectáculo teatral

Pressing Catch vai alén da montaxe, e artéllase tamén a través da música, o audiovisual ou o multimedia. Amais de actuacións musicais en directo, achega pequenas curtametraxes realizadas por Carlos Alberto Alonso, que contan a vida do e das protagonistas cando están fóra do ring. Estas pezas audiovisuais contan con "cameos" estelares, intervencións de actores e actrices que o público poderá reconecer e que se prestaron desinteresadamente a colaborar no proxecto.

E o proxecto aínda continúa cando remata a función: o texto dramático de Carballeira está editado por Edicións Positivas, co deseño gráfico de Hidalgo & Bértolo (que levan a imaxe gráfica de todo o proxecto); a través dunha páxina web, poderemos acceder aos

vídeos dos loitadores, "xogar con eles" por medio dunha animación interactiva, e saber moito máis sobre a compañía, o espectáculo, ou a "cultura" da violencia, cunha guía didáctica elaborada por Miguel Vázquez Freire e Begoña Chouciño.

Amais, a compañía lanzou unha iniciativa musical con moi boa acollida no pasado outono: un certame de cancións en galego en que participaron dúas dúcias de agrupacións. Ao longo de tres meses, deuse conta das súas achegas a través do blog <http://berropressing.blogaliza.org>, e da plataforma www.komunikando.net, onde aínda se poden escoitar e descargar. Logo da deliberación do xurado (Xurxo Souto, Pablo Novoa, Belén Regueira e María Yáñez, amais dos propios Cadaval e Carballeira), escolléronse doce temas que foron recollidos no CD *Pressing catch. 12 cancións dende o ring*, que está a ser editado por Falcatruada. Dios ke te Crew, Sacha na Horta, GalegoZ, Novedades Carminha, fucoxabier, Meninos Carentes, Soyuz Sound System, Impulsos Criminais, Es un árbol, Grupoh!, Shit Pony e Spinochordodes foron os gañadores.

PRESSING CATCH:

TEXTO: Paula Carballeira
DIRECCIÓN: Quico Cadaval
NO RING:

DJ/ Hellmaster: Hugo Torres
Árbitro: Chiqui Pereira
Lola: Anabell Gago
A Chorona: Paula Carballeira

Escenografía: Pablo 'Pastor'
Vestuario: Cloti Vaello
Iluminación: Fidel Vázquez
Espazo sonoro: Soyuz
Coreografía: David Loira
Dirección vocal: Ramón Bermejo
Vídeo: Carlos Alberto Alonso
Animacións : Pablo Cayuela
Produción: María Rosendo
Distribución: Lara Rozados
Deseño gráfico: Hidalgo & Bértolo
Fotografía: Mónica Gago

O equipo sobre o ring

Berrobambán é a compañía galega con maior traxectoria en teatro infantil de actores e actrices. A súa proxección internacional abrangue dende o XIV ASSITEJ Festival & Congress (Seúl, 2005), até unha xira con máis de 30 funcións por Canadá, con *Diariamente*. No 2006 o Centro Dramático Galego encargoulles a montaxe *A cabana de Babaigá*, coa que comezou unha triloxía sobre o medo que continuaría con *Buh!* e con *Boas Noites* (baseada no texto co que Paula Carballeira gañou o I Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil). A compañía levou tamén a primeira programación estable de teatro familiar en Galicia, *Asteroide B-612*, en Santiago de Compostela e Ferrol, ou a programación familiar do proxecto "A cultura circula" no 2006. A súa última produción, *Bicharada*, leva xa máis de 20 funcións, entre elas, unha na Feira Galega das Artes Escénicas do 2009.

A compañía aposta desta vez por dirixirse ao público adulto, como xa fixera coas montaxes *NdC* e *Vendetta*. En *NdC* Berrobambán investigou a interacción entre texto e movemento, con coreografías ligadas ás liñas de contido, metáforas violentas e rupturas da cuarta parede que, coma en *Vendetta*, incluían ao espectador como interlocutor dos personaxes. Esta preocupación por que o público forme parte da historia que se está a contar permanece na proposta de *Pressing Catch*, ao igual que a coreografía do movemento escénico e a estética do desencanto para facer reaccionar a quen asiste á representación. Non inmediatamente, senón tras recibir as mensaxes, tempo despois de saír do teatro.

Para este proxecto, a compañía conta cun elenco integrado pola actriz, contacontos e escritora Paula Carballeira, autora dunha estensa obra literaria dirixida ao público máis novo; Chiqui Pereira, fundador, xunta Carballeira, da compañía, e director das montaxes para adultos *NdC* e *Vendetta*, amais de varias pezas audiovisuais realizadas por Berrobambán; Anabell Gago, gañadora do Premio María Casares á mellor actriz en dúas ocasións; e Hugo Torres, actor e compositor, membro, xunta Marta Pazos, da compañía Voadora.

A dirección acométea Quico Cadaval, actor, director, e narrador de recoñecido prestixio. Entre os seus últimos traballos, destacan a dirección dos espectáculos do CDG *As dunas*, e *Noite de Reis (ou o que queirades)*, premio María Casares á mellor dirección e mellor espectáculo, e das montaxes *Obra (No comment)* e *Shakespeare para ignorantes*, onde tamén interpreta un dos papeis, de PT Excéntricas. Obtivo tamén un María Casares ao mellor texto orixinal por *Espantoso*, no 2002, e outros tres polos adaptados *O ano do cometa*, no 2005, *Rapatú*, no 2003, *Si o vello Simbad volvese ás illas*, no 2001.

No equipo técnico figura tamén, no espazo sonoro, Soyuz, a división de audio de COH3, empresa dedicada ao mundo audiovisual, dedicada á composición e produción de música exclusiva e orixinal. A escenografía é obra de Pablo 'Pastor', cunha longa traxectoria dentro do deseño gráfico, con series de carteis e portadas de discos, e escenografía teatral para grupos coma Berrobambán, Teatro do Morcego, Ningures, Tanxarina, ou o Centro Dramático Galego. Do vestiario encárgase Cloti Vaello, que leva máis de trinta anos dedicada á xastrería para cinema, teatro e televisión. E da iluminación, Fidel Vázquez, director técnico e iluminador en espectáculos de Berrobambán, Chévere, Nut, Bacana ou O retrete de Dorian Gray. A coreografía é de David Loira: fundador xunta Rut Balbís de Pisando Ovos, actualmente ten a súa propia compañía, coa que acaba de estrear *Macho*. Por último, Ramón Bermejo, profesor de canto, voz e dicción na Escola de Teatro de Narón, preparou o elenco neste ámbito.



Avda. de Lugo, 12, baixo
15702, Santiago de Compostela
+ 34 981 573 626
+ 34 695 929 262
www.berrobamban.com